

TÍTULO DO PROXECTO

O narcisismo, un mal do noso tempo?

DATOS PERSOAIS

Ainoa López Avilés e Erea Rodríguez Rodríguez

RESUMO

Nas redes sociais atopamos influencers amosando todo canto fan: de vacacións, comendo, contándonos a súa rutina de skincare, de compras... Ensinan toda a súa vida, pero lonxe de provocar rexeitamento, parece que a nosa sociedade está sedenta deste tipo de contidos. As redes sociais mostran persoas que semellan estar obsesionadas consigo mesmas. Será que a nosa sociedade tende a ser narcisista?

Pasamos un test para detectar personalidades narcisistas da web aberta de tests de personalidade a traves de Google Forms. Posteriormente, analizamos os resultados. Por outra banda, informámonos sobre o transtorno narcisista.

Ven visitar o noso stand para coñecer os resultados!

INTRODUCCIÓN

É habitual ler e escoitar o importante que é ter confianza nunha mesma, sentírnos orgullosas, aceptar o noso corpo,... pero na vida real fachandear dos nosos logros, non se ve con bos ollos.

Por outra banda, nas redes sociais atopamos influencers amosando todo canto fan: de vacacións, comendo, contándonos a súa rutina de skincare... A mosan toda a súa vida, pero lonxe de provocar rexeitamento, parece que a nosa sociedade está sedenta deste tipo de contidos: ver a vida doutra persoa. As redes sociais mostran persoas que semellan estar obsesionadas consigo mesmas e tropezan con persoas faméntas de consumir ese produto.

Será que a nosa sociedade tende a ser narcisista?

PROPÓSITO DO TRABALLO

- Averiguar se a media da poboación enquisada padece “narcisismo”.
- Coñecer se existe relación entre a idade e a obsesión por un mesmo.

ESTUDO DO ESTADO DA ARTE

O narcisismo é un transtorno psiquiátrico que se caracteriza por unha obsesión por un mesmo, sentíndose esaxeradamente importante e tendo dificultades para sentir empatía polos demais.

Atopamos unha páxina con probas psicolóxicas e test da personalidade en código aberto. O obxectivo desta páxina é educar a sociedade nas probas psicolóxicas, o seu uso e significados. Nós usamos o test de personalidade narcisista que non é unha ferramenta de diagnóstico clínico pero si que está feita para medir os niveis de narcisismo do público xeral.

HIPÓTESE

Os adolescentes teremos valores máis altos de narcisismo que os adultos porque aínda temos toda a vida por diante e podemos ter unha imaxe de nós mesmos con máis proxección de futuro que unha persoa con 60 anos.

MATERIAL E MÉTODOS

Tras a lectura dun capítulo do libro “La ciencia del pecado” dedicado o narcisismo, decidimos realizar o test de personalidade narcisista da páxina (Narcissistic Personality Inventory: Narcissism Test) .

Traducímola e realizamos un formulario de Google. Posteriormente foi espallada a través das redes sociais.


Coa axuda dunha folla de cálculo, volcamos os datos obtidos e realizamos a análise estatística.

RESULTADOS


Na páxina <https://openpsychometrics.org/> na que se atopan distintos test de personalidade en aberto, indican que a puntuación por riba de 15 sobre 40 sería unha persoa con tendencia o narcisismo.

O 50 % das enquisas están por debaixo dos 12 puntos, como se indica na súa páxina. →

Na táboa recóllense os resultados desta enquisa realizada a estadounidenses para: universitarios en 1988, adultos en 2009 e famosos en 2009.



Sample	Score
US University undergraduates (Raskin and Terry, 1988)	15.6
US Adults (Pinsky and Young, 2009)	15.3
US Celebrities (Pinsky and Young, 2009)	17.8





O 1º que analizamos foron as diferenzas de puntuación atendendo a idade. Hai unha tendencia a diminuír a puntuación do test a medida que aumenta a idade. Semella que canto máis novo, máis importante cres que es.

Ó facer a mesma análise por xénero, a diferenza da media é soamente dun punto.


Porén queríamos

salientar, que as mulleres temos certa tendencia a minusvalorarnos, como demostra o feito de que as mulleres obteñan medicións máis altas nas puntuacións de test relacionados co síndrome do impostor (sensación de que non posuímos as habilidades necesarias para ocupar determinado posto).




Nesta gráfica, que representa o porcentaxe por idade que lles gusta mirar o seu corpo, , pode verse perfectamente que aos menores de 25 son aos que máis lle gusta mirarse e aos de 56 a 65 os que menos. Algo curioso é que hai un baixón entre os 26-35 cando é o esplendor do corpo dun adulto. Non sabemos a que pode deberse.

En canto a preguntar de se lles gusta crear novas tendencias, ós que máis lles importa crear novas tendencias é ós menores de 25 anos e ó que menos os maiores de 66. Posiblemente, sexa resultado desa maior confianza en si mesmo as persoas máis novas, ou mesmo que coa idade importa menos o que opinen os demais.



O narcisismo, un mal do noso tempo?

Sorprendéunos que ante o dilema entre ser feliz ou ser famoso, existe un 35% de persoas menores de 25 que prefiren antes ser famoso que feliz. No resto de rango de idade, aproxímase ó 100 % querer ser feliz antes que ser famoso.



Analizando os datos, en comparación cos datos de estadounidenses (os máis recentes son de 1988) amosan, que incluso os adolescentes enquisados teñen valores máis baixos que os datos de EEUU (14 vs 15,6) incluso 37 anos despois. Os nosos datos dos adolescentes, por tanto, aínda que son os máis altos da poboación enquisada por nós, son máis baixos que os dos universitarios de EEUU. Hai que ter en conta que a pesares de que a adolescencia é unha etapa caracterizada por unha excesiva preocupación nun mesmo, non son pensamentos grandiosos sobre si mesmos como o caso das persoas con transtorno narcisista, senón, todo o contrario. Os adolescentes preocúpanse pola súa imaxe pero dende unha perspectiva de autoestima baixa. Con moitos medos sobre a imaxe que transmiten.

Nós non analizamos a ningún famoso, que sepamos, pero os datos altos de celebridades de EEUU no 2009 cos valores máis altos do test poden indicarnos que as persoas famosas teñen unha personalidade peculiar.

CONCLUSIÓN

- A poboación enquisada semella que non padece narcisismo xa que a media é inferior a 15 puntos.
- Os adolescentes teñen puntuación máis altas no test pero sen ser patolóxicos.

BIBLIOGRAFÍA

Lewis, J. (2024). La ciencia del pecado. ¿Por qué hacemos cosas que sabemos que no deberíamos hacer?. Córdoba. Editorial Pinolia.

<https://openpsychometrics.org/>

<https://openpsychometrics.org/tests/NPI/>

Urra, J. (2024). Adolescencia. La edad de los grandes cambios. Barcelona: Shackleton Books.

<https://www.psychologytoday.com/es/blog/la-division-de-genero-en-el-sindrome-del-impostor>